

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Decreto 142/2006, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural.*

O Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural supuxo a actualización da normativa turística dos establecementos de turismo rural.

Tal e como se manifesta na exposición de motivos da dita norma, o crecemento progresivo do turismo rural na nosa comunidade autónoma consolidou a oferta de aloxamento no medio rural, creándose un novo escenario turístico moi diferente ao existente no ano 1995, cando se aprobou a anterior normativa reguladora dos establecementos de turismo rural.

Nesta liña, o Decreto 191/2004 introduciu numerosas e importantes novidades entre as que se atopa o requisito de que os establecementos de turismo rural deben exhibir na parte exterior da entrada principal unha placa identificativa.

Aínda que o anexo I do dito decreto recolle os modelos de placas distintivas, as características destas non se atopan totalmente definidas. Por iso, agora, mediante esta modificación, se concretan tanto o tipo de cerámica coma as cores que hai que utilizar.

Con esta puntualización vese tamén satisfeita a demanda realizada polo sector, que ultimamente viña instando a Administración a definir con maior exactitude as características das placas identificativas dos seus establecementos.


Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Innovación e Industria, e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e sete de xullo de dous mil seis

#### DISPOÑO:

Artigo único.-O anexo I do Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural queda configurado da seguinte maneira:


#### ANEXO I

Modelos de placas distintivas ás que fai referencia o artigo 12 deste decreto



Porcelana vitrificada a 1435° C (cono Seger 15) en atmosfera redutora

Letras brancas sobre fondo verde Pantone nº 3305 C  
Logotipo Turismo Rural Galicia en marrón Pantone nº 139 U



#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e sete de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Fernando X. Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

*Decreto 143/2006, do 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia.*

A Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, define, clasifica e establece normas de carácter xeral dos campamentos de turismo nos seus artigos 41 ao 44, remíndose ao establecido regulamentariamente, no referente aos requisitos de instalación, apertura e condicións mínimas exixidas a cada categoría.

Na actualidade os campamentos de turismo están regulamentados no Decreto 236/1985, do 24 de outubro. Nesta disposición sinálanse os requisitos urbanísticos, sanitarios e de protección ambiental, establécense as condicións de seguridade e vixilancia, as instalacións e servizos mínimos exixibles en cada categoría, e préstase unha especial atención á localización destes aloxamentos para garantir a seguridade dos seus usuarios.

Non obstante, a experiencia adquirida nestes anos revela a necesidade de adecuar a normativa á nova